

MOCIÓN DE AER SOBRE O CONSERVATORIO DE MÚSICA

PLENO 5 XUÑO 2014. ACTA 8/2014

É convinte poñer en evidencia a situación real dun servizo antes de facer propostas:

Total programa 3241B: Orzamento de 374.158,31 €
Taxa serv. Educativos-Conservatorio música: 65.289,52
Taxa serv. Educativos-Escola de música: 25.203,25 €
Subvención Xunta: Axudas a Conservatorio de música: 9.290,58 €
Subvención Xunta: Axudas a Escolas de música: 2.235,36 €
Subvención Deputación Escola de Música: 5.623,00 €
Subvención Deputación Conservatorio de Música: 17.420,00 €

Falamos de dereitos recoñecidos netos:

- Ingresos totais: 125.061,93
- Gastos: 374.158,31

RESULTADO: ingresos – gastos= -249.096,38 €

Dende o primeiro ano do actual mandato e no momento de ter coñecidos estes e outros datos sobre o funcionamento do Conservatorio “municipal”, AER tratou de facer unha análise seria sobre esta institución. Co anterior responsable de cultura tardamos máis dun ano en acceder aos datos, como número de alumnos/as, especialidades, profesorado, etc. Parecía imposible que se obtiveran eses datos sen dificultade, a pesares de ser unha institución “municipal” pagada por toda a veciñanza. Pensen vostedes que cada persoa, independentemente da idade, está a poner 8,30 € para o Conservatorio “municipal” e que, facendo contas como Augas de Galicia (4 persoas por vivenda), supón que cada unidade familiar achega 32,21 € para ese Conservatorio municipal.

Como se ve, non rexe para este servizo en edificios municipais o principio que se determina na ordenanza, segundo o cal estes servizos deben autosubvencionarse. Non só non se fai, senón que o déficit é considerable.

Co actual responsable desta institución, o concelleiro de Cultura, mantivemos unha reunión na que se analizou a situación e as posibles solucións. Pasou o tempo, remata o curso, ven outro curso e, como di a cantiga: “sempre andas dicindo para o ano que vén”.

Hai un aspecto importante a subliñar desta situación: ¿qué tipo de poboación é a que se beneficia deste servizo “supersubvencionado”? ¿parados?, ¿persoas en risco de exclusión social?, ¿alumnado en risco de abandono? ¿persoas con dificultades económicas?. Respondan vostedes mesmos, respóndanlles vostedes a todas aquelas persoas que están en serios problemas económicos, problemas de supervivencia cun mínimo de dignidade. Respóndanlles que estamos a gastar, xenerosamente, 249.096,38 € nun servizo que non beneficia

precisamente aos mais necesitados. E de paso, díganlles que eles achegan 8,30 € por cada membro da súa unidade familiar.

Tendo como ten tan analizadas as posibles solucións o Sr. Concelleiro de Cultura, facemos a seguinte proposta de acordo:

1. Supresión inmediata ao finalizar o presente curso, do grao elemental do Conservatorio; mantendo e potenciando a Escola de Música, descentralizándoa ao máximo posible para facela accesible á maior poboación posible.

2. Creación, antes de un mes, dun grupo de traballo no que se inclúan representantes dos grupos da corporación e de organizacións que traballen no eido da ensinanza musical do Concello, que elabore un plan estruturado que aborde as necesidades e a organización desta ensinanza por todo o Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción a votación por puntos, resulta o seguinte:

Respecto do punto 1: é rexeitado por maioría dos/as concelleiros/as asistente por dezanove votos a favor (10 do PP, 8 do PSOE e 1 do BNG) e un voto en favor (1 de AER)

O punto 2 é aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes